CASA DAS ARTES
Rúa Policarpo Sanz nº 15. Vigo

Horarios
De luns a venres:
de 18:00 a 21:30 h.
Sábados:
de 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:30 h.
Domingos e festivos:
de 11:00 a 14:00 h.

Tenencia de Alcaldía Concello de Vigo
Concellería de Cultura e Animación Sociocultural Concello de Vigo
concellería de igualdade concello de vigo
Consello Municipal da Muller

LUGO CULTURAL
USC
DEPUTACIÓN DE LUGO
Concello de Lugo
novacaixagalicia
XUNTA DE GALICIA

Colabora:
As vítimas, os nomes, as vozes e os lugares
Proxecto Interuniversitario



VERMELLAS

Chamábanlles "rojas"

do 25 de febreiro
ao 20 de marzo
2011

Casa das Artes | Vigo

VERMELLAS

Borráronas da historia e non obstante setenta anos despois hai quen as ama.

O extraordinario esforzo persoal realizado polas mulleres máis conscientes durante a II República, moitas delas afiliadas a asociacións progresistas, partidos de esquerda ou sindicatos de clase, foi paralelo aos avances sociais que potenciaron a súa presenza na vida pública, a afirmación da súa independencia económica a través do traballo e a ampliación das súas liberdades individuais e dos seus dereitos de cidadanía.

O levantamento de 1936 contra o réxime legal da República interrompeu estes avances na igualdade de dereitos humanos e tratou de exterminar toda independencia de criterio feminina, liquidando, encarcerando ou acosando a algunhas das mulleres máis resistentes, mesmo con sádica violencia sexista.

Claudio Rodriguez Fer
Carmen Blanco
Comisariado



Carmen de Miguel Agra

2037 Fondo Nogueira Miguel
Proxecto Interuniversitario Nomes e Voces



Conchita e Carmen Nogueira
Miguel ante as tumbas da súa nai e do seu pai, que escolleron a dignidade do suicidio antes que a represión indigna

O Proxecto expositivo "VERMELLAS, chamábanlles rojas" conta con documentación literaria autoría de Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, ademais de fotografías, material audiovisual e asesoramento histórico procedente do Proxecto de Investigación Interuniversitario "Nomes e voces" dirixido polo catedrático en Historia Contemporánea na USC Lourenzo Fernandez Prieto e material aportado polas familas e persoas achegadas. Un panel adicado á obra KM 526, de Paloma Lugilde, posta en escena pola Compañía de Teatro USC-Lugo con fotografías de Mario Garcia Herradón.

A responsabilidade do proxecto expositivo recae nos grupos de traballo formados por: Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Andrés Domínguez Almansa, Gustavo Hervella García, Chus Martínez Domínguez, Antonio Somoza Cayado, Xurxo Pantaleón Padilla e o Proxecto de Investigación Interuniversitario "Nomes e Voces"; coordinados todos polo equipo da Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade.

Así mesmo, novos grupos galegos colaboraron coas súas interpretacións na gravación dun CD dedicado ás vítimas da represión franquista: Grex, Snail, Isla Bikini, Iván e Josito.

Os 23 gravados, creación de Sara Lamas, achégannos máis ás vítimas.

O deseño é da emprensa lucense ta ta ta.



Josefa Barreiro cos seus fillos



Ernestina Otero Sestelo



<
Elsa Omil, rapada en Marín e retratada como resistente, para a historia, lucindo o esplendor da beleza máxima: a súa dignidade humana intacta, que non puideron roubarlle os agresores coa práctica represiva da pretendida humillación sexista da rapa do pelo

2128 Fondo Martrínez Omil
Proxecto Interuniversitario Nomes e Voces

Andrés Domínguez Almansa
Gustavo Hervella García
Chus Martínez Domínguez
Xurxo Pantaleón Cadilla
Antonio Somoza Cayado
(Integrantes do Proxecto Interuniversitario "Nomes e Voces")

O golpe militar de 1936 supón o inicio dun escenario de conculcación dos dereitos humanos no cal as mulleres non fican á marxe. Unha gran parte vense integradas no proceso en calidade de parentesco coas vítimas. A busca do paradoiro dos detidos e o seguimento no seu proceso represivo, aportándolles afecto e, na medida do posible, información e axuda material repórtanlles un completo trastorno emocional e vital, incrementado nos casos nos que a detención desemboca en morte, en ocasións comunicada de forma despiadada.

Ao mesmo tempo, a muller é vítima dunha cotidianidade caracterizada por rexistros domiciliarios acompañados de ameazas, saqueos ou maltratos, ás veces inferidos aos/ás fillos/as menores con grande ensañamento. Tamén sofren a estigmatización ou exclusión social.

Este marco de vitimización trasládase da muller adulta ao mundo dos/as menores, especialmente no caso das nenas e adolescentes que, ante a desaparición, morte ou encadeamento da nai e o pai, maduran precozmente entre terrores dos que lles quedan moi vívidos recordos.

Un número significativo de mulleres van ser vítimas directas da represión. Unhas sancionadas, enxuízadas, postas ante pelotóns de fusilamento, atopadas tiroteadas nas cunetas ou desaparecidas; outras rapadas e purgadas nun contexto de abusos e escarnio dos vencedores e a impotencia dos vencidos obrigados a contemplar estes actos sen ousar intervir paralizados polo terror.

Ás veces, defraudando as expectativas dos represores, algunhas mulleres son quen de se rebelar contra a pretendida vergoña social e, posiblemente, como unha forma de amosar desprezo tanto polo castigo como polos que o levan a cabo, mostran publicamente a súa cabeza pelada, incluso facéndose fotos que negan o esquecemento dunha época non tan lonxana na que a socialización do terror precede a unha longa ditadura.

A Produción correu a cargo de Lugo Cultural (Concello de Lugo, Vicepresidencia Primera da Deputación Lugo, Xunta de Galicia, Novacaixagalicia, USC) e hoxe é posible que estea na Casa das Artes grazas ao Consello Municipal da Muller, concellería de Igualdade e concellería de Cultura do Concello de Vigo.